XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

<u>Asunto</u>: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de febreiro de 2024, polo que se resolve a reclamación de Podemos Galicia en relación coa información nos telexornais do sábado 3 de febreiro en TVE 1 (RE 418/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, na súa sesión do 8 de febreiro de 2024, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. Con data 3 de febreiro de 2024 tivo entrada no Rexistro desta Xunta Electoral reclamación interposta polo representante xeral de Podemos Galicia, sobre a información ofrecida por TVE (La 1) nos telexornais de fin de semana, informativos emitidos ás 15:00 horas e ás 21:00 horas do sábado 3 de febreiro, como consecuencia da cobertura informativa da campaña electoral para as eleccións ao Parlamento de Galicia.

En concreto refire que no telexornal das 15:00 horas emitiuse información, por este orde, sobre PP, PSOE, BNG, SUMAR y VOX, omitindo toda información sobre PODEMOS (e incorporando a VOX, quen nin sequera ten a condición de grupo político significativo) e No telexornal das 21:00 horas emitiuse información, por este orde, sobre PP, PSOE, BNG e SUMAR, omitindo toda información sobre PODEMOS a pesar de que goza de carácter de grupo político significativo que se lle atribuíu a SUMAR, quen si apareceu en ditas informacións.

Polo que solicita *"que se declare que se produzo unha infracción do art. 66 LOREX, por parte da cadea de titularidade pública TVE1, ao omitir nos informativos das 15:00 e as 21.00 horas do sábado 3 de febreiro de 2024 información da candidata da coalición electoral PODEMOS GALICIA, na cobertura da campaña electoral para o Parlamento de Galicia e acorde a obrigación, a fin de restaurar os principios de pluralismo e igualdade vulnerados, así como en cumprimento do mandato de proporcionalidade e neutralidade informativa contido na citada norma, de compensación da forza política (...) mediante a lectura da parte dispositiva da resolución que así o declare, así como mediante a emisión dunha información de duración semellante nos mesmos espazos."*

2. Nesa data trasladóuselle o escrito para informe ao órgano de dirección da Corporación Radio e Televisión Española (RS 1075/2024) e para alegacións aos restantes representantes xerais das entidades políticas concorrentes no proceso electoral en curso (RS 1076 a 1085/2024).

3. Dentro do prazo concedido, emitiu informe o órgano de dirección da Corporación Radio e Televisión Española no que solicita que se proceda a desestimar todas e cada unha pretensións recollidas na denuncia de Podemos Galicia (RE 431/2024).

Tomando como base os seguintes

Fundamentos de dereito

Primeiro. Á vista do recurso presentado, trátase de examinar se nos telexornais emitidos pola TVE 1 o sábado 3 de febreiro de 2024 ás 15.00 horas e 21.00 horas se vulnerou o disposto no artigo 66 da LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 4/2011, de 24 de marzo.

Segundo. Os medios de comunicación de titularidade pública deben respectar e garantir en toda a súa programación os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa, como esixe o artigo 66.1 da LOREX e desenvolve a Instrución da Xunta Electoral Central 4/2011, de 24 de marzo, sobre interpretación deste precepto no relativo ás garantías de respecto aos referidos principios. O que se debe conxugar coa autonomía dos medios para difundir libremente a información como establece o artigo 20 da Constitución.

Terceiro. A determinación do contido dos espazos informativos no período electoral na súa totalidade é competencia dos medios de comunicación de titularidade pública, correspondendo ás xuntas electorais exclusivamente a supervisión do respecto aos principios que garanten o pluralismo político e social exixidos polo artigo 66 da LOREX, circunscribíndose a decidir se as actuacións impugnadas polos representantes das candidaturas vulneran os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa.

Cuarto. Os medios de comunicación deben organizar as súas emisións na campaña electoral en desenvolvemento dos plans de cobertura informativa tendo "particularmente en conta os resultados obtidos por cada formación política nas derradeiras eleccións equivalentes".

Concretamente o apartado cuarto.2.1 da citada Instrución establece que*: "(...) La duración de la información dedicada a cada formación política se ajustará proporcionalmente a los resultados obtenidos en las últimas elecciones equivalentes en el ámbito de difusión del medio y se emitirá de conformidad con los criterios previamente acordados en los planes de cobertura informativa, y, en su defecto, aplicando el criterio de mayor a menor, por el orden de los resultados logrados por cada formación política en dichas elecciones." Además, interesa aquí recordar que dicho Apartado Cuarto, en su punto 2.2, añade que: "Los planes de cobertura informativa deberán incluir las candidaturas de aquellas fuerzas políticas que no se presentaron a las anteriores elecciones equivalentes o no obtuvieron en ellas representación y posean la condición de grupo político significativo. Esa cobertura no podrá ser igual o superior a la dedicada a las candidaturas que lograron representación."*

Quinto. A valoración relativa ao respecto aos principios os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa *esixe un exame conxunto consonte a reiterada doutrina da Xunta Electoral Central (por todos, Ac. 10 de febreiro de 2021) "La Junta Electoral Central ya ha tenido ocasión de poner de relieve que la valoración relativa al respeto de los principios de pluralismo, igualdad, proporcionalidad y neutralidad informativa por los medios de comunicación debe hacerse mediante un examen de conjunto que no se concentre en un día aislado o en un único programa informativo, sino que es preciso abarcar un período*

temporal más amplio (Acuerdos de 11 de abril de 2019,16 de noviembre de 2011 y 10 de febrero de 2021). Ahora bien, deducir -como sugiere la Corporació Catalana de Mitjans Audiovisuals (CCMA) en su escrito de alegaciones- que esa valoración de conjunto haya de hacerse una vez finalizada la campaña electoral, conduciría al absurdo de impedir cualquier posibilidad de compensación por parte del medio infractor, con lo cual devendría en irreversible el daño producido, en su caso, a la formación política afectada (PDeCAT)."

Sexto. A Corporación de RTVE refire no informe emitido ao respecto, entre outros extremos, en relación co tratamento informativo que ostente Podemos Galicia como grupo político significativo con respecto a Sumar Galicia "*queda reflejando en el Plan de Cobertura Informativa de CRTVE, avalado por la XEG, en el que el tratamiento informativo es exactamente el mismo y tan sólo a efectos de determinar el orden de las entrevistas, se ha establecido la prioridad de SUMAR (que cuenta con mayor número de votos en función de los resultados de las elecciones generales de 23 de julio de 2023)"*

E no tocante a información ofrecida nas emisións dos telexornais do día 3 de febreiro de 2024 manifesta que:

"*La coalición recurrente indica que en el telediario de La 1 de TVE de las 15:00, del día 3 de febrero, se emitió información de los siguientes partidos: PP, PSOE, BNG, SUMAR Y VOX.*

Y en el telediario de las 21:00, del mismo día, se emitió información de los siguientes partidos: PP, PSOE, BNG Y SUMAR.

Sin embargo, no hace mención a la emisión de la siguiente información relativa a Podemos.

En el Telediario de la 2 del jueves día 1 de febrero, se informó del arranque de la campaña de ambas coaliciones, (duración colas de partidos extraparlamentarios SUMAR 13" y PODEMOS 9"
En el Matinal del viernes día 2 de febrero, total de SUMAR y PODEMOS (duración total SUMAR 17" y total PODEMOS 14").

En el telediario de la 1 y Telediario de la 2 del domingo día 4 de febrero apareció tanto la candidata de PODEMOS como la de SUMAR durante su participación en una manifestación por la sanidad pública (duración de ambos totales SUMAR 3" y PODEMOS 3").

Además, en los Telediarios de ámbito nacional del sábado día 3 de febrero, se emitió información de todos los partidos que tuvieron a su líder nacional en la campaña: PSOE (Pedro Sánchez), PP (Núñez Feijóo), SUMAR (Yolanda Díaz) y VOX (Santiago Abascal). También BNG, que como partido con representación parlamentaria tiene el tiempo que le corresponde.

Sin embargo, en el caso de PODEMOS todavía no se ha celebrado el mítin central de su campaña, con la presentica de Ione Belarra e Irene Montero, cuya fecha prevista es el próximo día 10 de febrero.

Por tanto, como se puede comprobar la cobertura informativa de ambas coaliciones es similar hasta este momento y se va compensando según avanza la campaña electoral, sin que pueda apreciarse un trato diferente entre las mismas, lo que no significa que las formaciones políticas tengan apariciones diarias ni en todas las ediciones de los informativos".

Engade asemade que "*el tratamiento informativo de los grupos políticos significativos será el mismo a lo largo de toda la campaña electoral, entendiendo que la aparición de los mismos, así como la duración de las informaciones, en todo caso, no puede medirse día a día, sino en un cómputo general de todo el periodo electoral*"

Da aplicación da normativa e doutrina da Xunta Electoral Central ao presente caso así como dos datos examinados aportados pola CRTVE no seu escrito de alegacións de forma conxunta non pode considerarse que se vulneren os principios e garantías do artigo 66 da LOREX, motivo por el que non pode prosperar a súa pretensión.

Por todo o exposto, a Xunta Electoral de Galicia

ACORDA:

Desestimar a reclamación interposta pola coalición Podemos Galicia e, en consecuencia, rexeitar as pretensións que no mesmo se conteñen.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 12 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia